



Concello de Tomiño  
PONTEVEDRA

P-3605400-E  
Praza do Seixo  
☎ 986 622 001  
Fax 986 622 530  
C.P. 36740

tomino@concellos.depontevedra.es

## O PLAN CLARA PONSE EN MARCHA CON 25 MULLERES DE TOMIÑO E COMARCA

O Plan Clara, de formación e inserción social e laboral para mulleres, púxose en marcha coas 25 persoas seleccionadas dun total de 200.

Para a posta en marcha do proxecto, realizáronse unhas 200 entrevistas iniciais das que se preseleccionaron 70 posibles candidatas, de onde saíron as 25 que finalmente participarán na iniciativa, organizada en colaboración co *Instituto de la Mujer* e o F.S.E.

O feito de que acudiran máis de 200 mulleres interesadas en mellorar a súa situación persoal e socio-laboral é valorado desde o Concello de forma positiva, xa que amosa a demanda existente nestes temas permitindo ofrecer un itinerario feito a medida para cada participantes. "Este é un programa de axuda no que se traballará con cada muller de forma personalizada, segundo as súas necesidades e situación", salientou a técnica coordinadora do plan, Eva Cañizares.

No proceso de selección primaron criterios como a situación persoal, social, económica e familiar das aspirantes. No que respecta á formación, hai gran variedade de niveis de estudos, que van dende licenciaturas ata ensinanzas primarias.

As clases desenvolveranse luns, mércores e venres, de 10.00 a 14.00 e haberá ademais tutorías individuais.

O programa, pioneiro no traballo pola igualdade de oportunidades, está dirixido a mulleres que se atopan en situacións de especiais dificultades para a súa inserción social e laboral.

Durante o desenvolvemento do plan, mpartiranse aspectos motivacionais, de autoestima e imaxe persoal, información e orientación, formación ocupacional e busca activa de emprego.

A iniciativa constrúese baixo perspectivas de xénero, incidindo e traballando nas causas das desigualdades sociais que afastan e/ou exclúen ás mulleres a nivel laboral, social e persoal; aspectos que outros programas de inserción non contemplan.

Para máis información, dirixirse ao edificio da escola obradoiro, no Regatiño (Avenida Pío Troncoso, 8. Goián); chamar ao teléfono 986 621 328, ou escribir un correo electrónico ao enderezo [igualdade.planclara@concellotomino.com](mailto:igualdade.planclara@concellotomino.com)

## **MANIFESTO POLA IGUALDADE DE XÉNERO 25 DE NOVEMBRO DE 2010**

### GRUPO PLAN CLARA: TOMIÑO

1. En nome das mulleres que conformamos o plan Clara de Tomiño, queremos dar lectura a este manifesto que elaboramos coa intención de que chegue a todas as mulleres e homes, para construír xuntos un pobo máis xusto, libre de discriminación por razóns de sexo ou identidade sexual, onde convivamos en igualdade .
  2. En primeiro lugar, queremos dar as grazas a todos os homes que ao longo da historia e hoxe, loitaron e loitan pola convivencia sá e igualitaria, e que sendo conscientes da discriminación á que estamos sometidas as mulleres en todo o planeta, traballan para eliminar a violencia de xénero en calquera das súas manifestacións.
  3. Tamén recordar por suposto, a todas as mulleres que deixaron a súa vida e enerxía no empeño de construír sociedades máis xustas, xa que sen elas, encontros como este non serían posibles.
  4. Por isto, queremos expresar as nosas impresións e reivindicacións nunha data tan sinalada coma este 25 de novembro de 2010, dende as nosas procedencias: Cuba, Uruguai, Arxentina, Portugal, Brasil, Galicia, que se uniron neste grupo axudándonos a comprender a beleza e riqueza das diferenzas, e sobre todo, o que nos une.
- 
5. Como mulleres conscientes da nosa situación en Tomiño e no mundo, pensamos que a loita contra a discriminación de xénero ten que acompañarnos cada día do calendario. Por elo, reivindicamos o seguinte:
  6. Que as institucións xudiciais, sociais, políticas e educativas se comprometan a traballar pola erradicación da violencia contra as mulleres, sexa cal sexa a súa forma, para que a súa manifestación máis cruel e extrema que é o asasinato, non volte a ser noticia nin sexa utilizada como instrumento para fomentar o morbo e o espectáculo por moitos medios de comunicación.
  7. Que analicemos entre todas e todos as causas históricas da discriminación e sometemento das mulleres en todos os eidos da sociedade, institucional, laboral, social e persoal para poder rachar coa dinámica do sexismo e das desigualdades.
  8. Que dende as escolas e as familias eduquemos a nenas e nenos baixo un mesmo paradigma: o amor. E que lles transmitamos valores de convivencia, respecto e aceptación do diferente como algo nutricional e enriquecedor, non como o estrano contra o que hai que loitar. Transmitámoslle seguridade e confianza, non medo e agresividade.

9. Que a Igualdade de xénero non sexa utilizada como obxecto político senon que se perciba como unha ferramenta para promover o desenvolvemento e o emprego e non como un custo ou unha limitación.

---

10. Que desterremos os mitos e estereotipos que transmiten as peores conductas e crenzas sobre as mulleres e os homes, e que perpetúan os abusos de poder das sociedades patriarcais, alimentando o sometemento das mulleres e a desigualdade de dereitos, de trato e de oportunidades.

11. Que as mulleres do mundo sexamos o que queiramos ser, sen imposicións nin presións sociais, exercendo con absoluta liberdade aquilo que desexamos para a nosa realización persoal: a maternidade, a crianza, a carreira profesional...sen ter que limitarnos a unha parcela se ese non é o noso desexo. Non queremos ser Supermulleres, **queremos Ser. En liberdade.**

12. Que os homes sexan **Corresponsables dentro e fóra do fogar**. Non precisamos axuda, queremos homes conscientes, compañeiros para a vida, e para todas as tarefas diarias, sen distincións polo feito de pertencer a un ou a outro sexo.

13. **Parémonos a reflexionar, non sexamos transmisores e transmisoras de valores que en nome das tradicións nos humillan e nos atan. Esas tradicións non nos interesan.**

14. Comecemos hoxe, comecemos a abrir os ollos dende o noso día a día, Deixemos de mirar para outro lado, Concentrémonos en nós mesmas/os e non nos defectos das demais persoas. Fagamos do noso fogar un espazo de convivencia e paz, de respecto e igualdade.

15. Hai un refrán que dí : **“Para cambiar o mundo, comeza pola túa casa” pois as pequenas accións, son a semente para as grandes transformacións.**

---

16. **Queremos compartir, tamén neste manifesto, as aspiracións da ORGANIZACIÓN INTERNACIONAL DO TRABALLO, que leva moitos anos promovendo e recomendando a todos os países do mundo os cambios e as actitudes para que mulleres e homes poidan obter un traballo Decente e produtivo en condicións de liberdade, igualdade, seguridade e dignidade humana.**

**O que pedimos pois, xa está escrito: “Un Traballo Decente, que resume as aspiracións das persoas na súa vida laboral. Aspiracións en relación a oportunidades e ingresos; dereitos, voz e recoñecemento; estabilidade familiar e desenvolvemento persoal; xustiza e igualdade de xénero. As diversas dimensións de traballo decente son piares da paz nas comunidades e na sociedade.”OIT**

**17. Para rematar, gustaríamos dar lectura a un poema de Mario Benedetti, escritor uruguaio que defendeu a igualdade e transmitiu nos seus poemas a idea do Amor en igualdade, en liberdade, en complicidade.**

**A dependencia, o sufrimento e o sometemento, nunca poden transmitir Amor, porque non o son.**



## **MOZOS E MOZAS DE TOMIÑO PRESENTARON A SÚA CURTA “REC/PLAY/STOP VIOLENCIA” NO DÍA INTERNACIONAL CONTRA A VIOLENCIA DE XÉNERO**

### **A actriz galega Clara Gayo interpretou un monólogo e as mulleres do Plan Clara deron lectura a un manifesto contra a violencia**

**Tomiño, 26 de novembro de 2010.-** En conmemoración do Día Internacional contra a Violencia de Xénero, a Oficina de Igualdade do Concello de Tomiño, organizou un acto o pasado día 25 de novembro, no cal mozos e mozas da vila, na súa maioría estudantes de ESO, presentaron a curta “REC/PLAY/STOP violencia”, realizada dentro dun obradoiro audiovisual celebrado recentemente.

O acto tivo lugar na Casa da Cultura. Tras a presentación do acto, a cargo da actriz galega Clara Gayo, os alumnos/as participantes na curta realizaron unha representación, recitando frases en contra do maltrato. Seguidamente proxectouse a curta, na que se amosaba unha mensaxe positiva e de convivencia entre xéneros misturada con imaxes que evocan situacións de violencia, salientándose a responsabilidade social e comunitaria ante os casos de violencia machista e o valor do apoio mutuo, a empatía e o respecto entre homes e mulleres.

O numeroso público que ategaba a Casa da Cultura tomiñesa aplaudiu entusiasta este traballo audiovisual.

Seguidamente, as integrantes do Plan Clara, de igualdade entre homes e mulleres, e da asociación “Paso a Paso”, leron un manifesto contra a violencia de xénero amosando unha pancarta alusiva e interpretando un poema de Mario Benedetti.

A actriz Clara Gayo interpretou un monólogo que, en clave de humor, amosaba o problema da desigualdade entre ambos sexos e finalmente tomou a palabra a alcaldesa de Tomiño, Sandra González, quen salientou o valor simbólico do acto, aínda que recoñeceu que a labor de educar para a non violencia non é tarefa so dun día. A rexedora manifestou o apoio decidido do Concello para impulsar un cambio cara a unha sociedade máis igualitaria e salientou a importancia da labor preventiva. “Este ano fixemos unha labor preventiva a través de obradoiros educativos en todos os colexios e no IES de Tomiño, conscientes de que mozos e mozas, nenos e nenas sodes a sociedade do futuro, e xuntos debemos ser conscientes de que unha sociedade máis libre, máis xusta e máis igualitaria é unha sociedade mellor para todos e todas”, comentou.

**Se ten algunha dúbida ou non fose posible ler a información, prégame que chame ao teléfono 986 622 003, ou que responda a este enderezo electrónico.**

# Mario Benedetti

## AMOR DE TARDE

Es una lástima que no estés conmigo  
cuando miro el reloj y son las cuatro  
y acabo la planilla y pienso diez minutos  
y estiro las piernas como todas las tardes  
y hago así con los hombros para aflojar la espalda  
y me doblo los dedos y les saco mentiras.

Es una lástima que no estés conmigo  
cuando miro el reloj y son las cinco  
y soy una manija que calcula intereses  
o dos manos que saltan sobre cuarenta teclas  
o un oído que escucha como ladra el teléfono  
o un tipo que hace números y les saca verdades.

Es una lástima que no estés conmigo  
cuando miro el reloj y son las seis.  
Podrías acercarte de sorpresa  
y decirme "¿Qué tal?" y quedaríamos  
yo con la mancha roja de tus labios  
tú con el tizne azul de mi carbónico.

# No te salves

No te quedas inmóvil  
al borde del camino  
no congeles el júbilo  
no quieras con desgana  
no te salves ahora  
ni nunca  
no te salves  
no te llenes de calma

no reserves del mundo  
sólo un rincón tranquilo  
no dejes caer los párpados  
pesados como juicios

no te quedas sin labios  
no te duermas sin sueño  
no te pienses sin sangre  
no te juzgues sin tiempo

pero si  
pese a todo  
no puedes evitarlo  
y congelas el júbilo  
y quieres con desgana

y te salvas ahora  
y te llenas de calma  
y reservas del mundo  
sólo un rincón tranquilo  
y dejas caer los párpados  
pesados como juicios  
y te secas sin labios  
y te duermes sin sueño  
y te piensas sin sangre  
y te juzgas sin tiempo  
y te quedas inmóvil  
al borde del camino  
y te salvas  
entonces  
no te quedas conmigo

# Te quiero

Tus manos son mi caricia  
mis acordes cotidianos  
te quiero porque tus manos  
trabajan por la justicia  
si te quiero es porque sos  
mi amor mi cómplice y todo  
y en la calle codo a codo  
somos mucho más que dos  
tus ojos son mi conjuro  
contra la mala jornada  
te quiero por tu mirada  
que mira y siembra futuro  
tu boca que es tuya y mía  
tu boca no se equivoca  
te quiero porque tu boca  
sabe gritar rebeldía  
si te quiero es porque sos  
mi amor mi cómplice y todo  
y en la calle codo a codo  
somos mucho más que dos  
y por tu rostro sincero  
y tu paso vagabundo  
y tu llanto por el mundo  
porque sos pueblo te quiero  
y porque amor no es aureola  
ni cándida moraleja  
y porque somos pareja  
que sabe que no está sola  
te quiero en mi paraíso  
es decir que en mi país  
la gente vive feliz  
aunque no tenga permiso  
si te quiero es porque sos  
mi amor mi cómplice y todo  
y en la calle codo a codo  
somos mucho mas que dos.

**Mario Benedetti**

# Táctica y estrategia

Mi táctica es  
mirarte  
aprender como sos  
quererte como sos

mi táctica es  
hablarte  
y escucharte  
construir con palabras  
un puente indestructible

mi táctica es  
quedarme en tu recuerdo  
no sé cómo ni sé  
con qué pretexto  
pero quedarme en vos

mi táctica es  
ser franco  
y saber que sos franca  
y que no nos vendamos  
simulacros  
para que entre los dos

no haya telón  
ni abismos

mi estrategia es  
en cambio  
más profunda y más  
simple  
mi estrategia es  
que un día cualquiera  
no sé cómo ni sé  
con qué pretexto  
por fin me necesites